



11 de febreiro de 2015

Defender o conseguido, avanzar en dereitos

Por que votar a CCOO

- ➔ Para traballar por un volume suficiente de equipo e pola limitación da angustiada presión por obxectivos. E contra a tripla fraude, persoal, económico e socio-laboral, que supoñen as numerosas prolongacións de xornadas ilegais que se fan en BBVA e no sector.
- ➔ Para conseguir a avaliación dos Riscos Psicosociais cun método recoñecido e homologado polo Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo, para adoptar medidas que preveñan e eliminen os posibles trastornos relacionados coa nosa actividade profesional.
- ➔ Para mellorar as achegas fixas ao noso Plan de Pensións, conxeladas dende o século pasado en 540,91 €
- ➔ Para renovar, mellorar e ampliar as condicións de préstamos e condicións bancarias para empregadas e empregados de BBVA.
- ➔ Para avanzar máis na igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, e na Conciliación entre a vida persoal e laboral en BBVA.
- ➔ Para propoñer, negociar e acordar con AEB, un novo Convenio Colectivo para os traballadores e traballadoras de Banca, que manteña e mellore as nosas condicións de traballo. Os convenios seguirán sendo a nosa garantía.
- ➔ Para poder negociar unha integración de Catalunya Banc con garantías de emprego e sen baixas traumáticas, como conseguimos en Unnim.
- ➔ Para seguir facendo da negociación colectiva a base das Relacións Laborais. CCOO non somos o sindicato do No a todo, tampouco o do Si incondicional e se é necesario mobilizamos e interpoñemos Conflitos Colectivos.

Porque necesitamos un sindicato forte, útil e eficaz. En BBVA, CCOO temos a organización, os equipos e o proxecto. O sector financeiro está en transformación, a súa reestruturación aféctanos a todos e a todas, non hai departamentos estancos. Necesitamos un sindicato forte, para traballar co obxectivo de conseguir un BBVA no que o emprego sexa un valor seguro, onde as condicións laborais estean reguladas e se cumpran, no que traballar sexa compatible coa nosa vida familiar e os nosos obxectivos persoais.

Elixo un sindicato útil e eficaz

Febreiro 2015

